



Concello de A Pobra do Caramiñal

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO “ENTROIDO 2017”

1. Participantes: Poderán participar todas as persoas interesadas, asociacións, comunidades, colexios etc. que o desexen.

As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta, que ostentará a súa representación para todos os efectos que se deriven deste concurso.

2. Inscripcións: Poden facer a inscrición na Casa da Cultura (981 831545) ou no correo electrónico culturapobra@gmail.com ata o día martes 28 ás 14.00 h. Na solicitude de inscrición deberanse achegar os seguintes datos.

- Nome e apelidos do/a participante ou da/s persoa/s (menores de idade/asociacións /grupos /carrozas.
- DNI, teléfono de contacto.
- Título do disfraz
- Categoría na que se inscriben e número de compoñentes

As fichas de inscrición deberán asinarse pola/s persoa/s representante/s.

Nota para os grupos e carrozas: no caso de non se tratar de asociacións legalmente constituídas, a ficha de inscrición será asinada polo menos, por 4 persoas maiores de idade.

Estas persoas ostentarán a representación do resto dos participantes para todos os efectos que se deriven deste concurso e constarán como autorizadas de forma indistinta para recibir o premio. Declararán posuír os documentos que acreditan a dita representatividade e as autorizacións do/s responsables legais dos/as menores.

A participación no desfile será por orden de inscrición.



Concello de A Pobra do Caramiñal

3. Modalidades:

- a) Infantís (para nenos de ata 14 anos de idade)
- b) Carrozas (deberán ser estruturas móbiles)
- c) Grupos, parellas e individuais

4. Lugar de celebración:

Na categoría INFANTIL o concurso celebrarase o día 26 de febreiro as 17:30 h no Polideportivo Municipal Venecia. Os gañadores deberán poñerse en contacto o luns 27 de febreiro co Departamento de Cultura e participar no desfile do día martes 28 de febreiro onde se lles fará entrega dos cheques nominativos.

No resto de categorías o desfile de disfraces e carrozas será o día 28 de febreiro ás 17:30 h . Saída dende a Covecha ata a rúa Castelao onde terá lugar o concurso.

5. Xurado e cualificacións:

A cualificación das carrozas e disfraces será determinada polo xurado do concurso, que estará composto por 5 membros. Para a concesión dos premios o xurado valorará a orixinalidade, contido e vestiario de cada actuación e adoptará a súa decisión por maioría. Poderá declarar deserto un ou varios dos premios si así o considera. A decisión do xurado será inapelable.

6. Premios:

| | Infantís | Carrozas | Grupos, | Parellas /individuais |
|-----------|-----------------|-----------------|----------------|------------------------------|
| 1º | 200 € | 1000 € | 400 € | 200 € |
| 2º | 150 € | 600 € | 300 € | 150 € |
| 3º | 125 € | 400 € | 200 € | 100 € |
| 4º | 100 € | 200 € | 100 € | 50 € |
| 5º | 75€ | | | |



Concello de A Pobra do Caramiñal

Os nomes dos gañadores expóranse no taboleiro do xardín ó remata-lo concurso.

A entrega de premios farase efectiva mediante cheque nominativo, que se emitirá a nome de calquera da/s persoa/s designadas na inscrición.

Os premios poderán recollese a partir do día 1 de marzo no Concello presentando o Documento Nacional de Identidade.

Soamente poderá recollelo a persoa a quen estea expedido o cheque ou a persoa que teña a autorización por escrito a tal efecto.

Aos premios outorgados se lles aplicarán as retencións sinaladas na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

7. A participación no concurso supón a aceptación incondicional destas Bases.